

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE REACONDICIONE O PARQUE DA PRAZA DO HOSPITAL.

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque infantil da praza do Hospital, sita no barrio do mesmo nome e bordeada polas rúas Nicaragua e Cuba, sofre dende fai tempo, unha serie de carencias que non só o volven pouco útil para o fin creado, como espazo lúdico para os nenos de ata 8 anos, senón que ata o tornan en perigoso precisamente para este colectivo.

Tanto a falta dun mantemento axeitado, como a de vixilancia e control sobre as actividades incívicas, fan que o seu deterioro agudícese e acelere máis aló do normal por mercé do natural transcorrer do tempo.

Para ilustrar ditas carencias, achéganse varias imaxes a esta presente Moción, que reflicten sen dúbida, varios dos perigos que consideramos:


- O caucho do chan áchase desprazado en numerosos puntos, coa conseguinte creación de espazo entre placas que dan cabida ao pé de calquera neno, o que ocasiona un evidente risco de lesión. Así mesmo, este espazo acumula sucidade e restos dos episodios de botellón que se realizan nesta contorna algún que outro fin de semana cando a climatoloxía é benigna.




- O tobogán infantil atópase abollado polos golpes recibidos por mor de diferentes actos de vandalismo, tamén sofre de pintadas pouco apropiadas para o público infantil, e a miúdo resulta impracticable polos restos de ouriña, presumiblemente humana, na parte superior.




- A fonte e todo o seu percorrido, non funcionan nin están destinadas ao seu uso orixinal, situándose en total abandono, quedando xa logo os seus accesorios metálicos ao alcance de calquera infante co risco de corte que iso supón. Tamén, a parte inferior da fonte, igualmente abandonada, queda totalmente predisposta a ocasionar caídas a distinto nivel pois o monocolor de toda a contorna, tórnaa invisible á percepción dun neno de pouca idade.







- As tapas dos sumidoiros están en deficiente estado, e semellan un perigo inminente, tanto as que se atopan partidas, como directamente os ocros xa abertos por falta delas.



Especial atención merecen tamén, uns alarmantes tornelos de subxección descabezados e oxidados.



- A falta de valado dos solares colindantes, cun desnivel que pode chegar ao metro e medio nun terreo de vexetación espiñenta.



- En canto á falta de vixilancia, sinalar que malia estar expresamente prohibida a presenza de cans, no letreiro que informa do uso do entorno, pódese comprobar a calquera hora do día, que actualmente é o principal uso que está tendo o parque, e que é máis que notoria a presenza de excrementos abandonados por toda a praza.



- Finalmente, e en referencia ao letreiro arriba citado resaltar que, dende a colocación da marquesina, este a quedado oculto e resulta de difícil visualización polos usuarios da praza.





Para rematar, queremos sinalar que esta moción nace dunha demanda que as nais e pais fannos chegar ao Partido Socialista. Trátase do único espazo de xogos do que os nenos pequenos dispoñen no barrio, e cuxo uso axuda a deas-masificar o parque máis próximo, o aledaño á zona do colexio Bergantiños.

ACORDOS:

- 1.- Emprender unha remodelación profunda na a praza en xeral, e na zona do parque infantil en particular, que primordialmente garanta a seguridade de todos os usuarios do espazo en cuestión.
- 2.- Ampliar a dotación de elementos do parque, potenciando o mesmo, co fin de ofrecer máis alternativas aos nenos e polo tanto, axudar a desconxestionar outros parques xa masificados.

Carballo a 08 de Xullo 2019.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL